

I CARREIRA PEDESTRE TERRAS DE IRIA

As concellerías de deportes dos concellos de Dodro, Padrón e Rois organizan conxuntamente o **sábado 16 de maio de 2015** a partir das 18:00 horas, a **I Carreira Pedestre Terras de Iria** que se disputará na proba absoluta sobre unha distancia de **14,600 metros**. As probas levaranse a cabo nas localidades de Dodro, Padrón e Rois e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo**. As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION:

- ✗ **PITUFO:** atletas nados en 2011 e posteriores
- ✗ **PREBENXAMIN:** atletas nados en 2008, 2009 e 2010
- ✗ **BENXAMIN:** atletas nados en 2006 e 2007
- ✗ **ALEVIN:** atletas nados en 2004 e 2005
- ✗ **INFANTIL:** atletas nados en 2002 e 2003
- ✗ **CADETE:** atletas nados en 2000 e 2001
- ✗ **XUVENIL:** atletas nados en 1998 e 1999
- ✗ **JUNIOR:** atletas nados en 1996 e 1997
- ✗ **PROMESA:** atletas nados en 1993, 1994, 1995
- ✗ **SENIOR:** atletas nados entre 1981 e 1992
- ✗ **VETERANOS/AS 1:** atletas nados/as entre 1975 e 1980
- ✗ **VETERANOS/AS 2:** atletas nados/as entre 1966 e 1974
- ✗ **VETERANOS/AS 3:** atletas nados/as entre 1956 e 1965
- ✗ **VETERANAS/AS 4:** atletas nados/as en 1955 e anteriores

*** As categorías Pitufu e Prebenxamín non son categorías federadas**

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

A SAÍDA DA PROBA ABSOLUTA ESTARÁ SITUADA NA PRAZA DO CONCELLO DE DODRO (TALLÓS) na localidade de Dodro e **A CHEGADA DA PROBA ABSOLUTA E AS PROBAS ESCOLARES ESTARÁN SITUADAS NA CASA DO CONCELLO DE ROIS (LUGAR DE SAMIL).**

Haberá autobuses a partir das 17,30 cada 15 minutos que levarán ós atletas da proba absoluta desde Rois ata a saída da proba en Dodro.

Os horarios das probas e distancias resúmense no seguinte cadro:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
18:00 h	PITUFOS	100 m aprox.
18:10 h	PREBENXAMÍN	400 m aprox.
18:20 h	BENXAMÍN - ALEVÍN	900 m aprox.
18:30 h	INFANTIL	3100 m aprox.
18:45 h	CADETE – XUVENIL	4000 m aprox.
19:00 h	JUNIOR-PROMESA / SENIOR e VETERANS	14,6 km aprox.
20:30 h	ENTREGA DE PREMIOS (CASA DO CONCELLO DE ROIS)	

O percorrido da proba absoluta estará indicado, controlado e sinalizado cada kilómetro. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo do percorrido.

4. INSCRICIONS

- **ADULTOS:** ata o mércores 13 de maio ás 22:00 horas na web www.emesports.es (forma única de inscrición).
- **PROBAS ESCOLARES (ata xuvenil incluído):** ata o mércores 13 de maio ás 22:00 horas na web www.emesports.es.
Información tamén nas webs www.carreirasgalegas.com, www.fgatletismo.es/santiago e www.atletismogalego.org.
Teléfono de información: 981 816 061, 981 802 532 e 981 811 329 en horario de 9 a 13 horas.

Non se aceptarán inscricións fora do prazo establecido, con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatórios.

> **O PREZO** da inscrición (a proba absoluta estará controlada a través dun CHIP) será o seguinte:

- **CATEGORÍAS ESCOLARES (de pitufo a xuvenil):** **GRATUITA**
- **CATEGORÍA ADULTOS (de junior/promesa a veteranos):** **3,00 €**

A pre-inscrición non se completará se non se fai o pago no momento de inscribirse na web www.emesports.es. Calqueira dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono: **627 36 61 34**. Calqueira dúbida relacionada coa organización da proba poderán dirixirse ó teléfono **981 816 061, 981 802 532 e 981 811 329** en horario de 9 a 13 horas.

5. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS

Realizarase o día da proba nunha carpa situada na casa do **CONCELLO DE ROIS** (lugar de Samil) a partir das 16:30 horas e ata media hora antes do inicio de cada proba.

CONTROL CON CHIP: A proba de adultos estará controlada a través dun **CHIP** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SUA PROBA. AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP NON ENTRARÁN NAS CLASIFICACIONES NIN RECIBIRÁN NINGUN TIPO DE OBSEQUIO.

DESCUALIFICACIÓN: Todo corredor/a que non entre na liña de meta co seu dorsal ben visible colocado na zona anterior do corpo ou que incumpra as normas establecidas nos regulamentos RFEA e FGA referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición.

TODAS AS RECLAMACIÓNES DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

6. TROFEOS, PREMIOS e AGASALLOS

Entregarase un agasallo conmemorativo do evento a cada participante.

> **PROBAS ESCOLARES:**

- Trofeos aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría establecida por idade e sexo, agás na categoría pitufo, na cal só se darán medallas.
- Medallas ata fin de existencias.

> **PROBA ABSOLUTA**

- Trofeo aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría por idade e sexo.
- Trofeo aos tres primeiros clubs da clasificación final da proba absoluta.
- **TROFEO ESPECIAL** aos 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta.

> **PREMIOS ESPECIAIS**

- Trofeo ao 1º/1ª corredor/a local "Terras de Iria".
- Trofeo Eroski aos 3 primeiros/as clasificados/as:
 - Primeiro/a clasificado/a: xamón + botella de viño
 - Segundo/a clasificado/a: lacón + botella de viño
 - Terceiro/a clasificado/a: chourizos + botella de viño
- **TROFEO PARTICIPACIÓN** o colexio/clubes con máis corredores inscritos que logren finalizar as probas.
- Trofeo Superveterán o corredor de maior idade que logre finalizar a proba.
- Trofeo Superveterana á corredora de maior idade que logre finalizar a proba.

OS PREMIOS NON SERAN ACUMULATIVOS (agás os dos corredores/as locais).

A clasificación por clubs será establecida a través dos 10 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos

acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 10º compoñente. Os equipos poderán ser mixtos.

SÓ SE ADMITIRÁ A PARTICIPACIÓN DE CLUBES FEDERADOS NOS trofeos, que terán que remitir o listado dos atletas co selo oficial da Federación Galega de Atletismo ou no seu defecto da Delegación correspondente ao correo FGAsantiago@gmail.com no prazo de inscrición da proba absoluta. Na confección do clube non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubes nin filiais do mesmo. Os atletas deberán estar previamente inscritos individualmente na web www.emesports.es.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios realizarase ó finalizar a derradeira proba (20:30 h aprox.) na **Casa do Concello de Rois**. Poderase solicitar o DNI se a organización o estima oportuno para a recollida dos premios.

En caso de mal tempo a entrega de premios realizarase no pavillón polideportivo municipal dos Dices informando deste feito con antelación.

A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento. A organización reservase o dereito a modificar o mesmo de cara a garantir o correcto desenvolvemento da proba

Haberá Servicio de Duchas no Polideportivo municipal dos Dices sito a 300 mts. da línea de meta. O horario de apertura será de 17:00 h a 21:00 h.

Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

- www.carreirasgalegas.com
- www.fgatletismo.es/santiago/
- www.atletismogalego.org
- www.emesports.es
- www.correrengalicia.org

PLANO I CARREIRA PEDESTRE TERRAS DE IRIA. 14,6KM



Gráfico: min., media, máx. Elevación: 2, 16, 71 m
Total de intervalo: Distancia: 14,6 km | Incremento/pérdida de elevación: 160 m, -105 m | Pendiente máxima: 13,3%, -8,5% | Pendiente media: 2,0%, -1,4%

